

ACTA DA ASEMBLEA DE BARRIO DE ESMELLE DO DÍA 6 DE MAIO DE 2016

No local da Asociación de Veciños de Esmelle, situado en Esmelle s/n, Ferrol, sendo as 19:10 horas, celebrouse a Asemblea de Barrio de Esmelle cos seguintes **asistentes**:

Polo Goberno municipal:	José Álvaro Montes Celeiro, concelleiro delegado da área de Participación, Novas Tecnoloxías e Normalización Lingüística		
Traballador/a municipal:	Jorge Juan Pena Piñeiro, xefe do Negociado de Participación e Comunicación.		
Asistencia técnica:	Olalla López Barro da empresa Rexenerando S. Coop. Galega		
Nº total de veciños e veciñas asistentes do barrio:	5	Nº de homes:	3
		Nº de mulleres:	2

Desenvolvemento da sesión:

Alvaro Montes, Concelleiro de Participación da a benvida ás persoas asistentes a esta asemblea, cedéndolle a palabra a Olalla López da empresa Rexenerando S.Coop. Galega.

En primeiro lugar procedese a escoller os representantes de Esmelle tanto para as vicepresidencias da Asemblea de Barrio como para o Consello da Veciñanza. Non se presentaron candidaturas previas á celebración da Asemblea, resultando propostos neste acto co apoio da unanimidade dos/as asistentes/as as seguintes persoas:

VICEPRESIDENCIAS ASEMBLEA DE BARRIO	
A título inividual	Sara Sabín Fernández
En representación de entidades	Miguel Parra Gómez (AVV Esmelle)

REPRESENTANTES NO CONSELLO DA VECIÑANZA
Sara Sabín Fernández
Miguel Parra Gómez

A continuación presentase á asemblea un borrador de regulamento interno de funcionamento da mesma co obxecto de que se debata e estude por parte dos asistentes para formular todas as achegas que estimen oportunas, polo que este documento queda pendente da súa aprobación ata a

vindeira asemblea de barrio.

Iniciase un debate sobre a situación da participación cidadá no Concello da que se derivan as seguintes conclusións:

- A participación cidadá está a sofrer as consecuencias dos procesos anteriores.
- Pérdese motio o tempo falando sobre o modelo de participación cidadá que queremos.
- Debe separarse o rural do urbano. Non hai problema para agruparse dentro do rural pois as carencias son similares.
- Definir claramente ata onde chega a participación cidadá para evitar a desilusión da cidadanía.
- Definir con claridade as partidas do orzamento sobre os que a cidadanía pode decidir.
- Menos debater e mais concreción de resultados, por exemplo no tema do saneamento se leva máis de 15 anos debatendo sobre o mesmo sen solucións.

Por último iniciase un debate entre todos os asistentes para recoller aqueles temas de tipo xeral que preocupan nestes momentos aos veciños e veciñas de Esmelle e que a modo de resumo son os seguintes:

- Solución ao problema da asistencia sanitaria. Esixir a cobertura da praza do médico que xubilou, xa que non se pode ter o servizo médico nas condicións actuais (1 médico so dous días á semana).
- Control da actividade dos madeiristas (permisos, fianzas etc).
- Vertedoiros incontrolados.
- Que se lles facilite un plano da concentración parcelaria das fincas de Esmelle.
- Terreos de masa común para depósitos dos madeiristas.
- Control de recheos ilegais.
- Problema coa fosa ilegal e perigosa na zona das Cabazas (montes veciñais de Covas-Esmelle), xa que se poden derivar responsabilidades.
- Saneamento.

Agradecendo a presenza dos asistentes, dáse por rematada a sesión ás 20.40 horas.

O concelleiro delegado da área de
Participación, Novas Tecnoloxías
e Normalización Lingüística

O traballador municipal

Asdo. José Álvaro Montes Celeiro

Asdo.: Jorge Juan Pena Piñeiro